

Autora: **JULIA SAN MIGUEL**  
Ilustradora: **ROCÍO MARTÍNEZ**

Encadernado en cartóné  
36 páxinas a toda cor. 22x22 cm.  
Dispoñible en:

- Galego: "O monstro de Ricardo"  
Demademora. ISBN 84-8464-570-3
  - Castelán: "El monstruo de Ricardo"  
Libros para Soñar. ISBN 84-96388-38-7
- Prezo: 12 €

## O MONSTRO DE RICARDO

**O monstro que vive no cuarto de Ricardo  
ten un ollo na fronte,  
dous narices,  
tres bocas,  
catro brazos ...**



O máis terrorificamente divertido que lle pode pasar a Ricardo ao ir durmir, é que apareza un monstro debaixo da súa cama... e lle faga cóxegas nos pés ata que non poida parar de rir!

O malo é que ás veces as aparencias enganán, e os personaxes enrédanse na confusión de non saber moi ben quen é quen. Porque nesta historia parece que hai máis dun monstro: o mesmo Ricardo, ou mesmo a súa irmá. E entre tanto lío, os pais pais de Ricardo son os únicos que non teñen ningunha dúbida.

"O monstro de Ricardo" é unha obra de gran perfección técnica, cunha historia cargada de orixinalidade e unha estrutura impecable. Ademais, os lectores aprenderán a contar, nomear as partes do corpo, sumar e restar...

O relato aborda temas tan cotiás para pais e mestres como a rivalidade entre irmáns, o mundo interior dos nenos, a imaxinación desbordante dos primeiros anos da nenez... Todo isto contado con gran sentido do humor, dominando os recursos propios do suspense e enganando a atención do lector dende a primeira ata a última páxina.

### **JULIA SAN MIGUEL** (Madrid, 1965)

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid. Actualmente traballa como coordinadora lingüística en Ediciones SM. Como escritora, cultiva diversos xéneros. En poesía e conto para adultos recibiu diversos galardóns literarios. "Mus el cartero saltamontes", "Nora la ballena" e "Nubes para una fiesta" son algúns dos seus contos infantís publicados. Tamén é a autora do álbum infantil titulado "Oso e o seu dente" editado por KALANDRAKA en galego e castelán.

### **ROCÍO MARTÍNEZ** (Madrid, 1966)

Licenciada en Belas Artes pola Academia de San Fernando de Madrid, na especialidade de gravado. Dende 1990 adícase profesionalmente á ilustración de libros infantís e xuvenís. Un ano despois integrouse na Asociación de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil. Recibiu diversas distincións, como o Premio Nacional ao Libro Mellor Editado por "Tan Tan Mamut", do que foi ilustradora. Tamén foi seleccionada para a Bienal de Ilustración de Bratislava en 1996 e a Feira do Libro Infantil de Bolonia en 1997. En 1999 obtivo un accésit do Premio Lazarillo. É a autora e ilustradora do álbum titulado "Gato Guille e os monstros", editado por KALANDRAKA en galego, castelán, catalán e portugués. Tamén escribiu e ilustrou para esta editorial "A historia do Rainbow Warrior", publicado en galego, castelán e portugués.



- **Idade recomendada:** primeiros lectores
- **Aspectos destacables:** relato con ritmo e estrutura interna, suspense, humor; nas ilustracións aparecen imaxes doutros libros de Kalandraka
- **Aplicacións:** números, partes do corpo, sumas e restas, relación entre irmáns, os ciúmes